

Barquichuelo de papel

Cóntase que un trasno azul atopou unha folla de xornal que trouxera o vento. Sentou xunto ao arroyo e dobrándoa unha e outra vez fixo un barco de papel.

Botouno a navegar e viu como se afastaba augas abaixo.


Un golpe de vento achegou o barquiño ata a beira e alí quedou. Entón, pasaron Sapete e Paxariña, vírono e decidiron dar un paseo nel.

Os dous amigos arrastraron o barco ata a auga e subiron a bordo. A corrente empuxábaos a gran velocidade e, mentres,

eles saudaban a grandes berros a todos aos que vían ao pasar. Como o vento sopraba cada vez máis forte e facíalles avanzar moi rápido, os dous amigos empezaron a asustarse. Ademais, o barquiño íase empapando de auga e empezaba a afundirse. Sapete e Paxariña abrazáronse aterrados.

Como o vento sopraba cada vez máis forte e facíalles avanzar moi rápido, os dous amigos empezaron a asustarse. Ademais, o barquiño íase empapando de auga e empezaba a afundirse. Sapete e Paxariña abrazáronse aterrados.

Como o vento sopraba cada vez máis forte e facíalles avanzar moi rápido, os dous amigos empezaron a asustarse. Ademais, o barquiño íase empapando de auga e empezaba a afundirse. Sapete e Paxariña abrazáronse aterrados.



-Estamos a afundirnos!

-Socorro! Que alguén nos axude!

A señora Gaivota oíunos gritar, voou sobre eles e axudoulles dicíndolles:

- Tontorróns! Se non necesitades a axuda de ninguén ... ! Se podedes salvarvos sós! É que non sabedes mirarvos ben? Entón, Sapete mirou ben a Paxariña e dixo:

-Claro, Paxariña, ti sabes voar! Sálvate voando!

Paxariña tamén mirou ben a Sapete e exclamou:

-Claro, Sapete, ti sabes nadar! Sálvate nadando!

Os dous saltaron do barquiño ao mesmo tempo. Paxariña voou ata a beira e Sapete nadou tamén ata a beira. Cando os dous estiveron a salvo, abrazáronse sorrindo. Mentres tanto, o barquiño seguiu navegando ata que se enredou entre os xuncos da beira. Alí terminouse de afundir e xa nunca máis puideron navegar nel.

Comprensión lectora

1. Quen se atopou unha folla de xornal? _____
2. Que se alonxaba augas abaixo? _____
3. Onde viron Sapete e Paxariña o barco de papel?
 - a) Na beira do arroyo.
 - b) Na beira do mar.
 - c) Augas abaixo.

4. Que arrastrou o barquiño ata a beira? _____

5. Estas viñetas contan a historia do barquichuelo de papel. Ordénaas poñéndolle un número.



6. Quenes saudaban a todos os que vían? _____

7. Que facía avanzar moi apresa a Sapete e Paxariña? _____

8. Por que gritaron Sapete e Paxariña?

- a) Porque se abrazaron aterrados.
- b) Porque viron a señora Gaivota.
- c) Porque tiñan medo de afundirse.

9. Quen axudou a Sapete e Paxariña? _____

10. Arrodea cunha cor os personaxes que, segundo o texto, son uns tontorróns.

Sapete

O trasno azul

A señora Gaivota

O arroio

O barquiño de papel

Paxariña

11. Coloca estas frases debaixo do personaxe que as di.

- Socorro!

- Tontorróns!

- Estamos a afundirnos!

- Se podedes salvarvos sós!

- Se non necesitates a axuda de ninguén...!

- Que alguén nos axude!

SAPETE E PAXARIÑA:

SEÑORA GAIVOTA:

12. Quen sabe nadar? _____

13. Explica como se salvaron Sapete e Paxariña.

14. Por que se abrazaron Sapete e Paxariña? _____

15. Que lle pasou ao barquiño cando Sapete e Paxariña se salvaron? _____

16. Por que a señora Gaivota chamou tontorróns a Sapete e Paxariña?

a) Porque non sabían navegar no barquiño de papel.

b) Porque non se acordaban de que un sabía nadar e o outro voar.

c) Porque se asustaron moito cando o barco estaba afundíndose.

➤ Busca un sinónimo ou un antónimo para estas palabras da lectura:

ANTÓNIMO	SINÓNIMO
afastaba	gritar
ninguén	atopou
forte	alegres
rápido	fixo

➤ **Ordena alfabeticamente** estas palabras do texto:

trasno – aterrados – xornal – barquichuelo – vento – amigos – beira – xuncos – navegar – afundirse

➤ De entre estas palabras hai algunhas que teñen ditongo. Serías quen de atopalas? Imos **subliñalas**.

Atopou – velocidade – barquiño – abaixo – beira – paseo – axuda – saudaban – puideron – auga – xornal

● Agora **sepáraas por sílabas**.

➤ Le este anuncio que puxeron no xornal tres amigos: a Xirafa, o Pelicano e o Mono. Nel fan publicidade do traballo que realizan pero... ai! Esqueceron de poñer as maiúsculas! Axúdalles a corrixilo poñéndollas ti.



limpamos as súas ventás tanto e tan ben que relucirán coma o metal. somos rápidos, serviciais e eficaces. non paramos ata rematar o noso traballo, nin sequera para merendar. usamos auga e xabón e non necesitamos de escaleira ningunha, xa que chegamos a todas as ventás

por máis altas que estas estean.

podes atoparnos na rúa beiramar, nº 23 canceliña de abaixo.
